

Miudiño

✍ Vicente Araguas

Obradoiro

Non hai moito tiven ocasión de aturuxar caladamente —isto é un oxímoro, seino, e que Deus encha o mundo deles— no Obradoiro Literario do Concello de Fene.



Aturuxar aturuxei para un mangado de xente carismática, que no canto de adicar o seu tempo de lecer a outras andrómenas, se cadra máis proveitosas, andan a percorrer camiños fantásticos, íntimos, colectivos, épicos, líricos, pavoros e toda canta cousa o cerne —ese diño pacífico— da escrita é quen de outorgar.

Dirixen este obradoiro Rosa Anxinos, que non estaba a día da miña aturuxada, e Eduardo Estévez, poeta esencial da escola galego-arxentina, que pon a súa impronta dinámica neste taller de fiandeiras e douros ou tres aprendices de bruxa. De moitos deles atopo agora obra en **Voces da casa** [2], un pouco exhibición de final de curso, outro pouco máis de plasmación de realidades. Non sei, teño pouquísimo de profeta, quen dos presentes nesta modélica revista abrirá sulcos no difícil campo —sempre aberto, con toda a literatura.

De momento vexo neles unha fe conmovedora e unha técnica estimable. Mesmo nos autores máis **naif** que xermolen nestas páxinas, cheas de cores vivas, hai un saber dicir que xa quixera para min en intres de maré baixa.

Voces intensas desta casa fenesa na que agradezo inmenso ter convivido.